

A SÍLABA

Chámaselle sílaba ó conxunto de sons que se pronuncian nunha soa emisión de voz. Consta dun núcleo vocálico que pode ir precedido e/ou seguido dunha ou varias consoantes.

Para que exista a sílaba ten que haber sempre unha ou varias vogais. Non existen as sílabas formadas só por consoantes.

OS DITONGOS

Un ditongo é unha agrupación de dúas vogais nunha mesma sílaba. Os ditongos poden ser:

- Crecentes: cien-cia.
- Decrecentes: lou-rei-ro.
- Homoxéneos: pui-do.

DITONGOS	Crecentes	a	ia	<i>iate</i>
		i + e	ie	<i>ambiente</i>
		o	io	<i>canción</i>
		a	ua	<i>lingua</i>
		u + e	ue	<i>cincuenta</i> <i>bilingüe</i>
		o	uo	<i>acuoso</i>
	Decrecentes	a	ai	<i>caixa</i>
		e + i	ei	<i>lei</i>
		o	oi	<i>boi</i>
		a	au	<i>frauta</i>
		e + u	eu	<i>euro</i>
		o	ou	<i>ouro</i>
	Homoxéneos	i + u	iu	<i>pediu</i>
u + i		ui	<i>arruinar</i> <i>piragüista</i>	

OS TRITONGOS

Un tritongo é unha agrupación de tres vogais nunha mesma sílaba (unha forte [a, e, o] entre dúas febles [i, u]): *ac-tuei*.

OS HIATOS

Un hiato é o encontro de dúas vogais que pertencen a sílabas distintas. Os hiatos prodúcense nalgunha destas situacións:

- Aparecen xuntas dúas vogais abertas: *mo-a, o-cé-a-no-*
- Aparecen xuntas primeiro unha vogal feble tónica e, a seguir, unha vogal forte: *lú-a, rí-o.*
- Aparecen xuntas primeiro unha vogal forte e, a seguir, unha vogal feble tónica: *ba-úl, pa-ís.*
- Aparecen xuntas dúas vogais febles e a segunda é tónica: *mu-í-ño, vi-ú-va.*

CÓMPRE TER EN CONTA:

- 1) IU e UI son ditongos se o primeiro elemento é tónico: *pui-do.*
- 2) IÚ e UÍ son hiato se o segundo elemento é tónico: *ru-í-do.* Neste caso, sempre levan acento.

EXERCICIOS PARA FACER NO CADERNO

1. Divide en sílabas as seguintes palabras: *lámpada, encontro, cántaro, atlántico, transformar, xamóns, amor, estrela.*
2. Divide en sílabas as seguintes palabras e clasifícaaas en monosílabas (unha sílaba), bisílabas (dúas sílabas), trisílabas (tres sílabas) ou tetrasílabas (catro sílabas): *calendario, leite, ribeira, guante, unguento, ensaiou, meixela, xeito, animais, rei, papeis, ioió, semáforo, can, pau, lei, pé, cataventos, calafío, preguiceiro.*
3. De entre esta lista de palabras, escribe no caderno as que conteñen ditongo: *pingueira, unguento, pingüe, lingua, piragua, queixo, piragüista, pequeno, guitarra, quieto, merengue, quilogramo.*
4. Clasifica as seguintes palabras segundo o tipo de ditongo que posúan (crecente, decrecente ou homoxéneo): *científico, efixie, causa, feira, coidado, leira, viu, partiu, touro, unguento, gaita, albaneis, pereira, troita, oito acio, azuis.*
5. Divide en sílabas as seguintes palabras e subliña os ditongos: *meiga, beixo, visión, roupa, lingua, eira, boia, saia, idioma, ambiente, historia, cereixa, gadoupa, lingüeta, paporrubio, aparcadoiro.*
6. Escribe no caderno as seguintes palabras e, a continuación, rodea os tritongos e subliña os ditongos: *catedrais, cambiei, materiais, papeis, feito, traían, azuis, traian, artificiais, cambiou, cueiro.*
7. Divide en sílabas as seguintes palabras e fíxate nos hiatos: *saída, rúa, miúdo, aéreo, país, ruído, lúa, cear, atribuír, ría, caída, león.*
8. Clasifica estas palabras segundo conteñan ditongos ou hiatos: *partiu, muiño, miúdo, escribiu, construír, azuis, xuízo, Tui, viúvo, diúrno.*